

## Contribución ó estudio do léxico dos bilingües

M<sup>a</sup> CAMINO NOIA CAMPOS

Universidade de Santiago

No comportamento lingüístico do individuo, posiblemente sexa o componente léxico o elemento máis importante desde o punto de vista da interacción social e sobre todo desde a consideración da linguaxe como instrumento de análise da natureza e da cultura. Varias son as teorías sobre a formación e funcionamento deste componente léxico cando se trata de bilingües. Desde os que indican que o individuo bilingüe enriquece o seu vocabulario co uso de dúas linguas (Mackey, 1967) ata os que falan do contrario, como Overbeke (1971) ou Haugen (1956).

Neste traballo, despois de expoñer os distintos resultados dos estudos de Weinreich (1953), Haugen (1956) e Overbeke (1971) ofrecerei os resultados dunha pequena investigación realizada con nenos bilingües galego casteláns, que confirman só en parte os estudos citados.

As conclusións destes estudos que tomei como hipótese de traballo son as seguintes:

1.— Que os bilingües teñen tendencia a reduci-los vocabularios das dúas linguas nun so conxunto léxico.

2.— Que, e como resultado da primeira hipótese, os bilingües dispoñen con máis frecuencia de palabras que son comúns ás dúas linguas e van abandonando os términos específicos dunha delas.

3.— Que o manexo de dous vocabularios induce ó bilingüe a utilizar palabras de grande amplitude semántica, baleiras de contido (de moita “valencia”)<sup>1</sup>.

4.— Que nos individuos bilingües existe unha tendencia a separa-los

---

<sup>1</sup> “Valencia” é a propiedade que teñen as palabras de seren substituídas por outras sen cambiaren o seu significado, como indica Mackey et Savard (1967). Este término é utilizado tamén por Overbeke en 1971 e 1976.

significados das palabras dos seus significantes, elaborando así signos lingüísticos compostos por un significado e dous significantes.

Haugen (1956) e Overbeke (1971) nas súas investigacións con grupos de bilingües ambientais chegaron a constatar que os individuos que diariamente se ven obrigados a manexar dúas linguas é frecuente que dispoñan dun conxunto léxico composto por vocábulos pertencentes a ámbalas dúas linguas, e que, ademais, teñan un vocabulario con términos pouco precisos, que ofrecen escasa información. A xustificación deste comportamento lingüístico preséntase como unha consecuencia inevitable do emprego de dous léxicos diferentes.

O mesmo proceso mental que leva ós bilingües a utiliza-lo maior número de palabras comúns ás dúas linguas e de ir eliminando do seu léxico aqueles vocábulos que teñen menos frecuencia de uso, induciraos a empregar palabras baleiras (que Overbeke chama “de basse entropie lexicale”)<sup>2</sup> e de doada aplicación en contextos diferentes: “facer”, “ser”, “estar”, “cousa”, “iso”, “choio”, “aquilo” ...

Overbeke adícalle moita atención á descrición deste fenómeno sobre o cal volve a tratar en 1976. Dinos que o cerebro dos bilingües, que ten que manexar dous vocabularios, para evitar esforzos memorísticos inútiles tratará de reducir tanto como lle sexa posible, o número de términos na súa memoria. E este proceso do léxico, que Overbeke chama “*économie de mot*” elaborárase conservando os vocábulos máis xerais, os de máis ampla significación e maior extensión. A estas conclusións chegou Overbeke despois dos resultados dos traballos que realizou sobre o léxico dos bilingües franco holandeses:

“Tout d’abord que le vocabulaire est emmagasiné dans la mémoire du locuteur selon un ordre qui correspond à la disponibilité des vocables, les vocables les plus fréquents étant aussi les plus accessibles. Dans cette hypothèse, l’économie consisterait à choisir automatiquement les vocables les plus accessibles quitte à produire un message d’une entropie moins élevée. Mais lorsque, pour exprimer un message, on évite les vocables les plus précis, on sera par là même obligé d’augmenter la redondance du code, en faisant appel, par exemple, à un nombre de vocables et de mots plus élevé”. (1971: 48)

Para este autor os mecanismos mentais que o bilingüe pon en funcionamento no seu cerebro cando ten que amorear palabras de dúas lin-

<sup>2</sup> *Entropia* é un término tomado da Termodinámica para a teoría da información onde se utiliza para expresa-lo grao de información; de forma que un texto será máis entrópico canto máis información aporte, e á inversa.

guas non son os mesmos se se trata de dous sistemas lingüísticos próximos ou de dous máis distantes. Entendemos que este razonamento ten unha base fundamentada e aceptámolo, pero quédanos a incógnita sobre cales son os mecanismos mentais actuantes no cerebro do bilingüe nun caso e noutro. Desde unha perspectiva puramente lingüística non podemos aportar nada sobre este aspecto. Con todo, debemos supoñer que os componentes sociais que informan as linguas teñen tamén unha influencia fundamental nos resultados desde proceso mental. A valoración positiva ou negativa que os individuos e a sociedade como tal lle teña aplicado a cada unha das linguas reviste unha grande importancia na conservación e utilización do léxico na colectividade dos falantes e, polo tanto, hai que supoñer que tamén a ten nos procesos individuais que teñen lugar no cerebro do individuo.

Para Weinreich o mecanismo do mínimo esforzo actuando no cerebro dos bilingües facilítalle-la elaboración de signos lingüísticos *compostos* por un concepto e dúas imaxes acústicas, xa que o bilingüe ten, con frecuencia un único significado para os dous significantes, sobre todo naqueles individuos que aprenden a segunda lingua sobre a primeira, ós que Weinreich chama tamén “compostos”.

Con anterioridade ós traballos desde lingüista, Armand Boileau en 1946 afirmaba que no caso dos bilingües perfectos (aqueles que manexan coa mesma competencia dúas linguas) dase unha asociación entre un significado e dous significantes, o que anos despois Weinreich chamaría “signo composto”. Para Boileau as dúas imaxes acústicas poden aparecer simultaneamente ante un mesmo concepto, pero a escolla dunha ou doutra dependerá dos componentes extralingüísticos do entorno. O significativo está en relación estreita co interlocutor, lugar ou co mesmo tema de conversa.

Para Weinreich, os bilingües non soamente elaboran signos “compostos” senón tamén outros tipos: o signo definido en termos saussureanos formado por un concepto e unha imaxe acústica, no caso de que o bilingüe mantéña separados os términos léxicos de cada unha das linguas, aplicándolles a cada un deles distinto contido semántico; e tamén poden ter un terceiro tipo de signo, frecuente nos bilingües que aprenden unha lingua coa axuda doutra, que consiste en que os referentes dos signos que se aprenden poden non ser cousas reais senón signos equivalentes na chamada lingua orixinaria xa que o que se fai é traducilo signo da lingua descoñecida á lingua coñecida, despois de realidade:

“The problem of coexistence vs. merging also affects the nature of the sign, which, in Saussurean terms, combines a unit of expression and one of content.

Once an interlingual identification has occurred between semantemes of two languages in contact, it becomes possible for the bilingual to interpret two signs whose semantemes, or signifieds, he has identified as a compound sign with a single signified and two signifiers, one in each language. Instead of treating the English *book* and Russian *kníga* as two separate signs (A), he could regard them as a compound sign (B). /.../

It would appear offhand that a person's or group's bilingualism need not be entirely of type A or B, since some signs of the languages may be compounded while others are not. No direct attempt has been made to date to determine experimentally the extent to which a given bilingual interprets signs as interlingual compounds (B), but a possible method for such an investigation emerges from the association techniques employed by H. Saer in her experiments on Welsh-English bilingual children. /.../

One more interpretation of the sign by bilinguals needs to be considered, an interpretation which is likely to apply when a new language is learned with the help of another (by the so-called “indirect method”). The referents of the signs in the language being learned may then be not actual “things”, but “equivalent” signs of the language already known. Thus, to an English speaker learning Russian, the signified of the form /'kn'íga/ may at first be not the object, but the English word *book*”. (1953, /1968/: 9-10)

Os traballos de Hywella A. Saer con nenos bilingües galeses ingleses citados no libro de Weinreich a que fai referencia na cita anterior, e os que o mesmo Weinreich realizou con suízos bilingües retorrománicos alemáns serviron de base ás afirmacións aportadas por el sobre os distintos tipos de signos lingüísticos que pode ter un bilingüe. Tanto no caso de Saer<sup>3</sup> como no de Weinreich aplicóuselles un test de estímulos verbais a nenos bilingües ós que se lles pedía que desen as súas reaccións verbais inmediatas despois da audición dunha serie de estímulos en calquera das dúas linguas distribuídas ó azar.

No traballo de Saer podían dá-la resposta en inglés ou galés independente da lingua na que se emitise a palabra estímulo. Nestes experimentos a maior parte das respostas dos nenos entrevistados foron traducións da palabra estímulo, cando Saer daba a palabra en galés os nenos repetían en inglés e á inversa.

<sup>3</sup> Saer, Hywella A., “Experimental Inquiry Into the Education of Bilingual Peoples”, en *Education in a Changing Commonwealth*, London, 1931, pp. 116-121.

Nos experimentos de Weinreich, utilizando o mesmo test con nenos bilingües retorrománicos alemáns, os resultados indicáronlle que mentres a palabra estímulo alemana producía como primeira asociación outra palabra alemana, as respostas a estímulos retorrománicos foron na súa maioría traduccións alemanas de palabras retorrománicas.

En Galicia fálanse galego e castelán, dúas linguas que no nivel lingüístico son estruturalmente semellantes; unha serie de términos patrimoniais teñen nas dúas unha mesma orixe, pero ademais, durante a súa convivencia secular, o galego, que non elaborou novos vocábulos a medida que ían aparecendo obxectos e conceptos novos co desenvolvemento da cultura e da industria (por quedar reducida a fala oral), foi adquirindo cada vez máis elementos do castelán, de forma que hoxe partes importantes do léxico de ambas as dúas linguas son comúns: os referentes á escola ou á sanidade, por exemplo.

Os bilingües galego casteláns, que constitúen unha boa parte da poboación galega, asignan unha lingua a uns ámbitos de uso e a outra a ámbitos diferentes. O galego cando é a lingua materna está reservada para os ámbitos chamados interiores ou afectivos: familia, amizade; mentres que o castelán se usará para a administración, a escola, a igrexa... A pesar de que hoxe o galego se estudie na escola e de que parte da administración utilice esta lingua non se considera aínda como un idioma de uso en tódolos ámbitos. Os escolares galego falantes senten a necesidade desde que asisten á escola de aprenderen en castelán e de facérense bilingües.

Neste momento se non o fixo antes, o neno galego vaise dando conta de que a súa lingua non serve máis que para a comunicación familiar (e ambiental nas zonas rurais). E os nenos así escolarizados, nun idioma distinto ó que utilizan no medio familiar poden sufrir un proceso de socialización lingüística caracterizado polo que os psicólogos chaman unha discontinuidade lingüístico-simbólica, xa que os significados que estes escolares teñen asignados ós significantes da súa lingua, aparecen agora con outros significantes, que no ámbito escolar, que denota poder, cultura e prestixio son os válidos. Estes escolares serán bilingües forzados, e dificilmente acadarán un grao de bilingüismo perfecto.

O mecanismo mental de fusión dos dous conxuntos léxicos resulta especialmente significativo en Galicia xustificando polas razóns que antes apuntabamos. Estas razóns abundan tamén para entender a alta porcentaxe de interferencias léxicas do castelán no galego e do galego no castelán (moito menores), xa que a valoración negativa que teñen os gale-

gos da súa propia lingua leva ó individuo galego a usar conscientemente palabras castelás cando fala a súa propia lingua. Desta forma os galego falantes tenden a valorar máis un galego interferido polo castelán, ca unha lingua menos contaminada, que eles consideran “bruta”.

Tendo como base as afirmacións dos investigadores citados anteriormente sobre o comportamento léxico dos bilingües e os resultados da aplicación do test de estímulos verbais de Saer, realizamos unhas probas léxicas con dous grupos de trinta e sete escolares cada un, que chamaremos grupo A e grupo B.

As probas realizadas consistiron en conversar cos escolares en pequenos grupos de seis sobre temas diversos do seu interés ou da actualidade, na elaboración de redaccións, na aplicación dunha proba de dispoñibilidade léxica como a utilizada por Gougenheim, Sauvageot, Michéa e Rivenc en Francia (1964) e tamén na aplicación dun test de estímulos verbais, semellante ó de Saer e de Weinreich.

O grupo A está composto por escolares galego falantes que habitan nunha zona rural próxima a Vigo nun área de quince kilómetros e asisten á Escola de Valladares; o grupo B fórmano castelán falantes, habitantes na súa maior parte de barriadas urbanas de Vigo, asisten á Escola de Castrelos-Pereiró.

O primeiro grupo, A, ten o galego como lingua materna e ambiental en tódolos ámbitos de uso a excepción da escola e da igrexa, onde os escolares utilizan o castelán para falaren co crego e cos mestres. Estes escolares comenzaron o proceso de bilingüización ós seis anos ó seren escolarizados, inda que nese momento xa tiñan un coñecemento pasivo do castelán por se-la lingua utilizada nos medios de comunicación social e na cidade, que está moi perto e da que dependen. Pero ata que chegaron ó período escolar non existía motivación ningunha para falaren castelán, a partir deste momento tiñan que aprender esta lingua coa finalidade de integrarse no sistema educativo, e máis tarde poder conseguir un emprego na cidade. Mantiñan unha actitude positiva cara as dúas linguas (en ningún momento da entrevista manifestaron autoodio coa súa lingua), o galego que era a súa orixinaria, debíana falar porque era na que mellor se expresaban e se entendían cos seus; o castelán valorábano como a lingua de cultura e da cidade pero sen buscar un cambio lingüístico.

O grupo B, formado na súa maioría por escolares con familias de orixe rural establecidas na cidade nos anos sesenta durante o proceso de industrialización, utilizaba como lingua habitual o castelán; as súas familias falaban galego entre os adultos e castelán cos fillos menores. Todos estes

escolares entendían, pois, a lingua galega tanto no rexistro oral como no escrito, pero soamente un pequeno número destes podía conversar nun galego fluído. Para os componentes deste grupo o galego era unha lingua residual, xa que non a practicaban a pesar de se-la lingua dos seus pais, intentando integrarse na sociedade de lingua castelá.

Coa aplicación das probas léxicas de que falamos anteriormente verificámo-las dúas primeiras hipóteses:

1.— Que os bilingües teñen tendencia a reduci-los vocabularios das súas linguas nun único conxunto léxico e 2.— que os bilingües dispoñen con máis frecuencia de palabras que son comúns ás dúas linguas.

Respecto á primeira hipótese comprobamos que os nosos escolares bilingües tamén fusionaban os vocabularios do galego e do castelán nun so. Nas conversas en galego botaban man de moitos términos casteláns, dalgúns dos cales comprobamos que xa non recoñecían a forma galega, en cambio noutros a forma galega alternaba coa castelá. Usaron só a forma castelá, por exemplo, nos términos *queso, cerillas, cuchara, cuchillo, muñeca, riñón, martillo, escuela, abuelo, fruta, frutal, cejas...* Alternaron as formas galega e castelá *estropean / estrañan, lengua / lingua, entonces / entón, huevo / ovo, dejan / deixan, arrejlar / arrumbar, cuna / berce, falda / saia, bruja / bruxa, nido / niño, bueno / bo, cuerdo / cordo...*

En castelán tanto nas conversas co grupo A como nas do grupo B o vocabulario aparecía moito menos contaminado por formas galegas, así e todo encontramos términos galegos que aparecen espontaneamente no fluir da conversa. Tamén, como dixemos anteriormente, existen formas das que a palabra castelá é coñecida mentres que noutras é o único término de uso. No grupo A encontramos *arrumbar, viño, emberregar, mullereiro, trapalladas, trapalleiro, tortullos, cadrar, vellos, canivete, entroidos, tolleito, ferruxe, sachar...* No grupo B aparecen *parvo, parvada, pescuezo, faiado, macheta, pocillos, pita, apandar, silva, carballo, queixo* (“barbilla”), *peixe, pexejo...*

Evidentemente, este é un problema de interferencias e como tal pode tratarse<sup>4</sup> pero aquí interésanos outro tipo de análise.

<sup>4</sup> Para estudos sobre as interferencias léxicas en Galicia pódese ver: Constantino García, “Interferencias lingüísticas entre galego e castelán” en *Temas de lingüística galega*, Ed. Biblioteca Gallega, Coruña, 1985, pp. 109-140 (en castelán aparece en *Revista Española de lingüística*, jul.-dic. 1976, pp. 327-343) e Camino Noia, “Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá”, *Grial*, n<sup>o</sup> 75, Vigo, 1982, pp. 91-99.

O test de disponibilidad léxica consistía en que os escolares nunha folha que lle entregabamos preparada para o exercicio escribisen nun prazo máximo de oito minutos, vinte palabras sobre un "centro de interés" que nós lle indicabamos seguindo a Gougenheim (1964). Recollimos quince centros de interés. O relato dos inquéritos fíxose contando o número de aparicións que tiña cada vocábulo e establecendo unha orde que ía da palabra con maior número de aparicións á que tiña unha soa.

Os resultados desta proba léxica referiranse soamente ós escolares do grupo A, ós do grupo B non os podemos considerar bilingües por non ter todos eles unha competencia activa do galego.

O léxico disponible dos escolares bilingües estudados neste traballo contén vocábulos pertencentes ás dúas linguas de uso como xa atopamos en probas anteriores pero aquí, por estar o léxico recollido dunha forma sistemática, a mestura das formas das dúas linguas está en relación co centro de interés de que se trate.

Recollímo-las vintecatro palabras primeiras de cada centro de interés segundo a orde de disponibilidad e atopámo-la seguinte distribución:

<i>Centro de interés</i>	<i>Formas comúns</i>	<i>Formas galegas</i>	<i>Formas castelás</i>
<i>1. Partes do corpo</i>	8	11	5
<i>2. Prendas de vestir</i>	18	3	2
<i>3. Partes dunha casa</i>	3	8	13
<i>4. Mobles da casa</i>	19	4	1
<i>5. Alimentos</i>	11	6	7
<i>6. Obxectos para comer</i>	8	4	12
<i>7. Utensilios da cocíña</i>	8	6	10
<i>8. Cousas da escola</i>	20	1	3
<i>9. Cousas da cidade</i>	16	3	5
<i>10. Cousas do barrio</i>	13	9	2
<i>11. Traballos do campo</i>	13	11	0
<i>12. Animais</i>	11	10	3
<i>13. Xogos</i>	16	6	2
<i>14. Oficios</i>	14	7	3
<i>15. Prantas</i>	18	2	5

Nestes resultados pódese ver como o maior número de términos corresponde ás formas comúns, seguido das formas castelás, soamente no primeiro centro son maioría as formas galegas nos primeiros postos de disponibilidad.

Con estes mesmos datos temos xa contestada a segunda hipótese de que os bilingües teñen tendencia a usar un léxico común ás dúas linguas. No caso do castelán e galego, certamente, este tipo de formas abonda polas razóns que xa apuntamos pero, con todo, non deixa de ser significativo o dato de que estes términos aparezan con máis disponibilidad en oito centros de interés. E resulta curioso, non sei se tamén significa-

tivo, que no léxico dos “nomes de prantas” os catorce primeiros postos estean ocupados por nomes de prantas ornamentais coa mesma denominación en galego ca no castelán.

É un feito normal que a maior parte das palabras referidas á roupa sexan formas comúns, xa que hoxe o mercado do vestido está estandarizado e todos utilizámo-las mesmas prendas. As palabras castelás superan xa ás galegas, por exemplo *saia* con dezasete mencións convive en franca desventaxa coa forma castelá *falda* que recibiu trinta e seis. Algúns escolares incluíron no seu test as dúas formas, posiblemente para eles teña distintas connotacións cada un dos vocábulos.

No léxico referido á casa *cuartos* convive con trinta e dúas mencións ó lado de *habitacións*, que tivo trinta e tres. *Aparador* aparece con dez mencións e *chinero* con oito.

Nos alimentos a forma castelá *queso* con dezasete mencións está máis disponible cá galega *queixo*, que só ten cinco; asimismo, *mantequilla* aparece con once e *manteiga* con unha soa mención. *Patatas* é a única forma disponible con dezaioito mencións, en cambio *auga* e *agua* conviven ámbalas dúas con catorce mencións.

*Cuchara* recibiu trinta e sete mencións, a forma galega non aparece. A forma castelá *cuchillo*, que ten vinteunha mención, convive coa forma galega *coitelo*, que ten dez e con *cuchilo*, que tivo seis. O término galego *mistos* ten, con nove mencións, máis disponibilidad có castelán *cerillas*, que recibiu tres.

Nas probas orais soamente temos rexistrada a forma castelá *escuela*, a galega non aparecía, en cambio no centro de interés “Cousas da cidade”, a forma *escolas* aparece con trece mencións e a forma castelá con catro. E no centro “Cousas do Barrio” volve a aparecer a forma *escola* (aquí en singular) nove veces e ningunha en castelán.

O emprego frecuente de términos comúns a ámbalas dúas linguas dase de tal forma que vocábulos específicos do galego que teñen un sinónimo común co castelán, como “esquecer”, “rachar”, “aprender algo a alguén” e “pechar” non os temos rexistrado na lingua destes escolares, substituídos por *olvidar*, *romper*, *enseñar* e *cerrar*.

A terceira hipótese sostén que os bilingües teñen tendencia a utilizar un vocabulario con pouca carga semántica. As conclusións a que chegamos despois dos traballos realizados cos nenos bilingües do Colexio de Valladares, nas proximidades de Vigo, non verifican totalmente esta hipótese.

No rexistro coloquial en lingua galega o grupo galego falante utilizaba un léxico preciso e informativo, moi interferido por vocábulos da lingua castelá, como xa vimos. Estes escolares buscaban a palabra que lles daba máis precisión ó que dicían, servíndose tanto do léxico galego como do castelán.

Nas conversas que sostivemos en castelán, lingua na que estes alumnos tiñan unha competencia aceptable, e podían manter unha conversa sen grandes problemas de expresión, temos rexistrado un emprego abusivo de verbos e adxectivos moi pouco precisos: *hacer, estar, ser, bueno, malo, tonto* ...

No grupo de escolares castelán falantes, do Colexio de Castrelos en Vigo, encontramos un léxico tan pobre na súa lingua habitual como o dos escolares galego falantes. Manexaban un vocabulario con pouca información e no que escaseaban os sinónimos. A única diferenza que había entre o castelán do grupo A e o do grupo B estaba en que a conversa deste último era, en xeral, máis fluida (inda que atopamos casos de retraimento lingüístico). Nos textos escritos en castelán había unha diferenza notable na utilización de léxico entre o grupo A e o B, en beneficio dos escolares do A, galego falantes, que empregaban nas súas redaccións unha serie de palabras de moi pouca disponibilidad, palabras escollidas e de moita precisión semántica<sup>5</sup>, como por exemplo *festivo, exóticos, graciosa, desenfadados*. En cambio nos escolares do grupo B non existía diferenza entre o seu castelán falado e escrito, nos dous rexistros empregaban termos de moita valencia, con abundancia de déicticos en lugar de sustantivos. Unha mostra significativa témola nas redaccións. Unha das que lles propuxemos a ámbolos dous grupos trataba o tema "Los carnavales", analizamos trinta e sete redaccións en cada grupo; e no grupo A, galego falante, recollimos noventa adxectivos diferentes, mentres que no grupo B soamente cincuenta e dous.

Este dato é indicativo do distinto nivel de expresión literaria que tiña cada grupo de escolares. Ademais, en tanto que os textos dos escolares do grupo A eran eminentemente imaxinativos e interpretativos, os textos dos escolares do grupo B eran meramente narrativos e, por veces, descritivos. Nas redaccións dos escolares do primeiro grupo eran frecuentes frases do tipo: "después de una maravillosa noche, los ruidos de los pajarritos..."; nas dos escolares do segundo grupo abondaban máis estas: "Por

---

<sup>5</sup> Os escolares do grupo A tiñan unha profesora de "lenguaje" que lle adicaba moita atención á práctica da redacción en castelán.

la mañana me levanté, desayuné, ayudé a mi madre a preparar las cosas...”.

Tendo en conta que o castelán é a lingua habitual do grupo B, e que o A fala galego, a conclusión á que temos chegado contradí a hipótese terceira.

Mackey nun traballo publicado en 1970 afirmaba, en contra das opinións de Weinreich, Haugen e Overbeke, que a interferencia aumenta a entropía porque dous sistemas de signos diferentes no cerebro dun individuo poden contribuir a formar mensaxes máis precisas, que se dispón soamente dun sistema, precisamente porque teñen máis recursos ó poderen botar man dun ou doutro léxico.

Para a verificación da última das hipóteses de que partimos no noso traballo, aplicamos un test de estímulos verbais semellante ó da profesora Saer. Os escolares tiñan que escribir unha palabra inmediatamente despois de oír-lo término estímulo, que lles dicíamos nós en alta voz. As palabras estaban divididas en catro áreas, correspondentes a evocacións, abstraccións, cousas-animais e sentimentos. No mes de novembro de 1981 aplícamo-lo test en lingua galega nos grupos A e B e no mes de xuño de 1982 repetímo-lo mesmo test en lingua castelá tamén ós dous grupos de escolares.

En primeiro lugar encontrámonos con que en ningunha das linguas se fixo traducción da palabra estímulo. As palabras resposta refírense, en xeral, a asociacións de ideas, abondando as palabras sinónimas e contrarios.

Na proba realizada en castelán os escolares escribían a resposta na mesma lingua tanto no grupo A como no grupo B. Soamente cinco escolares do grupo A, galego falante, escribiron a resposta en lingua galega.

Na proba realizada en galego, o grupo B, castelán falante, respondeu en castelán ós estímulos en lingua galega, sen facer nunca a traducción. No grupo A abondaban as respostas en castelán cando o término estímulo correspondía a abstraccións, que son formas cultas comúns ó galego e máis ó castelán.

En realidade, despois destes resultados non podemos chegar a ningunha conclusión sobre o uso dos signos lingüísticos. O test de estímulos non funcionou no sentido que o fixo no traballo da profesora Saer e de Weinreich.

En resposta a cuarta hipótese que indica que os bilingües tenden a separalo significado do signo lingüístico do seu significante podemos

dicir, despois das probas realizadas nas conversas e nas redaccións, que os bilingües galego casteláns, ó manexar dous vocabularios, soen ter tamén signos lingüísticos diferentes correspondentes a cada unha das linguas, que ás veces non son facilmente traducibles por teren distintos referentes en cada unha delas. Así por exemplo, entre a forma galega *can* e a castelá *perro* o referente, aínda tratándose dun animal nos dous casos, ten en cada unha das linguas distintas realidades. *Can* corresponde ó animal doméstico que se ten nas casas da comunidade rural, mentres que *perro* remite á esfera conceptual do can urbano que acompaña ós seus amos, ou a aqueles cans que aparecen nos distintos medios audiovisuais. O mesmo que temos rexistrado entre estes escolares coa palabra “can” podíamolo aplicar a outros pares de palabras como *peixe* e *pez*, *porco* e *cerdo*.

Pero non tódolos signos lingüísticos elaborados polos galegos falantes son dobres, comprobamos que tamén dispoñen de signos “compostos” dun significado e dous significantes en palabras como *avó* e *abuelo*, *ovo* e *huevo*, *onte* e *ayer* etc., que non teñen unha connotación especial.

Sería de grande interés elaborar un estudio detallado de qué tipo de palabras son as que teñen un só significado en galego e castelán e cales pertencen a signos diferentes.

Ás veces, o término castelán interferido no léxico galego ten asimilado un dos significados da forma galega, quedando esta para representa-lo resto das acepcións que non foron invadidas por interferencia do castelán. O vocábulo *muela*, por exemplo, utilízase entre os escolares bilingües de Valladares como parte da dentadura, e *moa*, a forma galega, quedou reducida á acepción de “roda de muíño e de afiar”. No caso dos homónimos *queixo* (producto lácteo) e *queixo* (parte da cara), a forma castelá *queso* substituíu ó primeiro, utilizándose en galego para designa-lo producto lácteo, quedando a forma galega *queixo* para denomina-la parte da cara.

Nas redacción e conversas en lingua castelá cos escolares do grupo B observamo-lo emprego de palabras castelás que non correspondían ó sentido do contexto: *ocurrir* por *acudir*, *fin* por *sinfín*, *adiestrar* por *administrar*, *ajustar* por *adaptarse*, o que nos indica que eran términos apreñidos sen telos comprendidos significativamente, xa a través de lecturas, da televisión ou ben de calquera medio alleo á súa realidade. Términos que responden a situacións non vividas senón intelectualizadas e que teñen escasa dispoñibilidade na súa fala.

Os escolares bilingües como os do grupo A aprenden o vocabulario galego a través do coñecimento dos obxectos, mentres que no léxico

castelán a palabra apréndese con moita frecuencia sen referente, ou cun referente intelectualizado na escola ou na televisión. As palabras castelás así adquiridas pasarán a formar parte do léxico pasivo dos rapaces, en tanto que eles manexarán un vocabulario reducido que lles ofrezca máis seguridade de comprensión.

### CONCLUSIÓNS

As nosas observacións e análises sobre o comportamento léxico dos escolares galego casteláns lévannos a propoñer as seguintes conclusións:

1.— Que nos procesos de bilingüización individual e na forma como os nenos dispoñen dos vocabularios das dúas linguas non se debe xeneralizar, englobando tipos de bilingües tan diferentes como un galés-ínglés, un retorrománico-alemán ou un francés-ínglés. Non se pode prescindir das características que cada unha das linguas teña na sociedade, nin da formación que os seus falantes tivesen no proceso escolar e, por suposto, da forma como se aprenderan cada unha das linguas de uso.

2.— Que a riqueza léxica, tanto polo número de términos disponibles como pola capacidade de información destes, está condicionada por multitude de elementos, entre os que, evidentemente, o manexo de dúas linguas xoga un papel importante. Pero sobre todo cremos que reviste unha importancia fundamental a formación lingüística que o neno, bilingüe ou monolingüe, recibe na primeira e segunda infancia.

Nos casos en que os bilingües dispoñan dun léxico escaso e pobre en información resultará máis atinado poñer esta característica léxica en relación coa teoría dos “códigos” de Bernstein (1971). Posiblemente, despois de analizar as características que as linguas utilizadas teñen na sociedade, cheguemos á conclusión de que estes individuos dispoñen do “código restrinxido” no que abundan os pronomes, escasean os sustantivos e padécese unha grave carencia léxica. Todo isto debido á deficiente formación lingüística que recibiron tanto na escola como no seu medio familiar en razón da clase social á que pertencen.

No caso dos bilingües galego-casteláns a referencia á clase social énos imprescindible; en Galicia a burguesía media-alta utiliza o castelán e procura darlles ós seus fillos unha formación coidada, que non reciben os rapaces galegos (bilingües), pertencentes á clase inferior ou media-baixa, que non reciben unha formación lingüística adecuada. Así pois, polo que se refire ó emprego de términos baleiros no léxico habitual dos bilin-

gües ambientais, parécenos mellor recurrir a unha explicación de aprendizaxe deficiente do vocabulario máis que ó feito exclusivo do uso de dúas linguas.

3.— Que o fenómeno da interferencia léxica e a maior disponibilidade de términos comúns ás dúas linguas por parte do individuo bilingüe é unha consecuencia, parece que, inevitable do uso de dous sistemas lingüísticos nunha mesma sociedade.

4.— Que un mesmo bilingüe pode dispoñer de tipos de signos lingüísticos diferentes. As causas poden ser tanto pola forma de aprendizaxe da segunda lingua, como pola presenza ou ausencia de distintas connotacións nos significantes de cada unha das linguas.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- Bernstein, Basil (1971): *Class, Codes and Control*, vol. I, Routledge and Kegan Paul, Londres.
- Boileau, Armand (1946): "Le problème du bilinguisme et la théorie de substrats", *Revue de Langues vivantes*, nº 12, pp. 113-169.
- Bouton, Charles P. (1979): *La signification*, Contribution à une linguistique de la parole, Ed. Klincksieck, Paris.
- Gougenheim, G.; Rivenc, P.; Michea, R.; Sauvageot, A. (1964): *L'élaboration du français fondamental* (Premier degré), Ed. Didier, Paris.
- Haugen, E. (1956): *Bilingualism in the Americas: A bibliography and research guide*, University of Alabama Press.
- Lambert, W. (1975): "Culture and Language as factors in learning and education", en *Education of immigrants students*, A. Wolfgang (Ed.), Toronto.
- Mackey, W.F. et Savard, J. (1967): "The indices of coverage, A dimension in lexicometrics", en I.R.A.L., Tomo V, nº 2 e 3. Tamén en Mackey, W.F., *Bilinguisme et contact des langues*, Ed. Klincksieck, Paris 1976.
- Mackey, W.F. (1970): *Interference, integration and the Synchronic Fallacy*, CIRB/ICRB, University Laval, Québec.
- Overbeke, van M. (1971): "Entropie et valence de la parole bilingue" en *Aspects sociologiques du plurilinguisme*, Ed. Didier, AIMA V, Bruxelles-Paris.
- (1976): *Mécanismes de l'interférence linguistique*, Ed. Fragua, Madrid.
- Weinreich, U. (1953): *Languages in contact: Findings and problems*, New York. (Utilizámo-la sexta edición: Mouton, The Hague, Paris, 1968).